

Apus apus (Linnaeus, 1758)

| | |
|--|--|
| | cirrio común, cirro, falciño, vencello |
| | vencejo común |
| | sorbeltz arrunta |
| | falciot negre, falcia |
| | common swift |
| | andorinhão-preto |



| FILO | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|----------|-------|-------------|----------|-------------|
| Chordata | Aves | Apodiformes | Apodidae | <i>Apus</i> |

ALIMENTACIÓN

Pequenos insectos voadores, sobre todo moscas, mosquitos, formigas e chinchas.

COMPORTEAMENTO

Son animais diúrnos, monógamos e sociais, cazando en grupos de ata 2000 individuos. Ten comportamento migratorio en toda a súa distribución, invernando en zonas máis cálidas en setembro e volvendo en marzo.

REPRODUCCIÓN

A época de celo abrangue dende maio ata xullo. Poñen 1-4 ovos, que son incubados por ambos pais durante 20 días. As crías poden voar aos 40-45 días. Acadan a madurez aos dous anos.

HÁBITAT

Todo tipo de hábitats, aniñando normalmente en zonas urbanas.

DISTRIBUCIÓN

Cría en case toda Europa agás por Islandia, Chipre e rexións de Escandinavia, norte de Oriente Próximo, sur de Rusia, Asia Central, Mongolia, norte de China e norte do Magreb. Pasa o verán na metade sur de África.

CURIOSIDADES

Pasan a meirande parte da súa vida no aire, onde incluso dormen, aparéanse e beben, chegando algúns individuos a pasar 10 meses sen pousarse, sendo a única ave capaz de tal cousa. As crías poden entrar nun estado de letargo e sobrevivir unha semana sen comer.

A subespecie presente no campus é *Apus apus apus* (Linnaeus, 1758), propia de Europa, norte do Magreb e oeste de Asia.



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

| | |
|--------------------|----------|
| Peso | 35-36 g |
| Lonxitude | 16-17 cm |
| Envergadura | 38-40 cm |